




# CANÓN DO SIL-OURENSE

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 90 (en coche) e pequenas camiñadas.  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** unha xornada



Vista do cantil de Nogueiro desde a Central de Santo Estevo (Nogueira de Ramuín).



Canón do Sil desde o mirador das Gándaras (Parada do Sil).

Unha viaxe por un dos espazos naturais máis emblemáticos do país, nunha área dun grande interese xeolóxico e paisaxístico, polas impresionantes formacións rochosas que se aprecian desde diferentes lugares, que nalgúns puntos acadan os 500 m de altura, con paredes case verticais; ecolóxico pola mestura de especies atlánticas e mediterráneas, a presenza de bosques autóctonos e de zonas remansadas creadas polos encoros onde se pode ver unha interesante avifauna; sen esquecer os valores histórico-artísticos e etnográficos. Todo este tramo do canón está protexido no LIC “Canón do Sil” e forma parte da área vitivinícola acollida á denominación de orixe protexida “Ribeira Sacra”.

Un percorrido lineal, en coche, con pequenas camiñadas, pola ribeira ourensá do Canón do Sil ao longo dos concellos de Nogueira de Ramuín, Parada do Sil, A Teixeira e Castro Caldelas, desde Os Peares ata o miradoiro de Matacás. Pódese acceder desde moitos puntos, pero nós propoñemos un percorrido case lineal.




Encoro e embarcadorio de Santo Estevo desde a estrada que sube a Loureiro (Nogueira de Ramuín).

## COMO CHEGAR

Comezamos nos Peares collendo a estreita estrada dos encoros que segue o curso do río polo interior dun frondoso bosque autóctono, ao tempo que imos contemplando as dúas beiras do canón. Pasamos o encoro de San Pedro e chegamos á ponte que cruza o Sil cara a Pantón e Monforte. Un pouco máis adiante atópase o **encoro de Santo Estevo** e o primeiro miradoiro. Pasamos preto do embarcadiiro e comezamos a subida cara a Loureiro; neste tramo podemos ver, entre a vexetación, a ferverza do rego da Ponticela e fermosas panorámicas do canón no comezo do encoro. En Loureiro collemos cara á esquerda na estrada principal e, despois duns 10 km, pasado Vilouxe, entramos no concello de Parada do Sil e atopamos o miradoiro das **Gándaras**, para o que hai que facer un pequeno desvío a pé, e 1 km máis adiante o de **Cabezoás**. Cinco quilómetros despois chegamos a Parada do Sil onde se atopan os **miradoiros das Torgás**, coñecidos tamén como Balcóns dos Mouros ou Balcóns de Madrid, para os que hai que facer un desvío de 1,5 km. Desde Parada do Sil pódese baixar ao **miradoiro do Castro**, no camiño que vai ao mosteiro de Santa Cristina (6 km ida e volta) e acceder tamén ao **miradoiro do Cerro** ou da capela de Trigoás, para o que hai que facer un desvío de 10 km (20 ida e volta), pola estrada que vai a Vilariño Frío e coller logo o cruce que vai a Verengo e Trigoás. De novo en Parada do Sil continuamos ruta por Sacardebois a **Cristosende**. Neste tramo hai boas panorámicas e pasamos polo canón do Mao, que está acondicionado para facer unha ruta. Para ir de Cristosende á Teixeira hai dúas opcións: seguir a estrada que vai pola Pedra do Sol e pasa por Xirás (6 km), desde onde hai boas vistas do canón, ou ir directamente (2 km). Desde A Teixeira continuamos cara a Castro Caldelas pasando por **Lumeares** desde onde hai unhas fermosas vistas. Ao chegar ao cruce da estrada que vai de Castro Caldelas a Doade e Monforte collemos en dirección Monforte e, en Pombar (a 2 km) o desvío a Paradela e, pasada a localidade, chegamos ao **miradoiro de Matacás**, punto final da ruta. Logo podemos optar por volver a Castro Caldelas ou cruzar o Sil e facer a ruta pola outra banda, na ribeira luguesa.

Se volvemos pola estrada cara a Ourense, no Alto do Rodicio, hai unha estrada que sube ao Monte Meda (repetidor de TV) en 7 km, desde onde hai unha espectacular panorámica dunha boa parte do Canón do Sil, a depresión de Maceda e a chaira de Monforte. Se se dispón de tempo pódese facer a viaxe de vagar e completar a ruta con visitas aos numerosos mosteiros da zona: Santo Estevo e Santa Cristina de Ribas de Sil e San Paio de Abeleda...



Canón do Sil, desde o mirador de Cabezoás (Parada do Sil).



Paredes do canón na zona do santuario das Cadeiras desde o miradoiro das Torgás en Parada do Sil.



Vista desde a ermida de Trigoás.



O Canón do Sil en Cristosende.



Vista desde Lumeares (A Teixeira).



O Sil desde as Penas de Matacás en Paradela (Castro Caldelas).